

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A ASOCIACIÓN BRIEGAL

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de protección civil, segundo o disposto no Decreto 42/2024, do 14 de abril polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG número 73 do 14 de abril) e no Decreto 49/2024, do 22 de abril (DOG número 81, de 24 de abril) polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

O artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia (DOG nº 62, do 29 de marzo de 2000), modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio (DOG nº 108, do 7 de xuño de 2004), estipula que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Os artigos 5.4 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, regulan que a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

#### Antecedentes:

Entre os medios e recursos mobilizables pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, é conveniente contar en determinados momentos con medios alleos, ademais dos propios, co fin de optimizar recursos e orzamentos, mellorando a planificación e intervención nas emerxencias ordinarias e extraordinarias que poidan darse na nosa comunidade.

A asociación BRIEGAL ten entre os seus fins o rescate e salvamento de persoas afectadas por catástrofes naturais, técnicas ou tecnolóxicas, a colaboración na recuperación de comunidades afectadas pola catástrofe e a realización de proxectos de axuda ó desenvolvemento en comunidades vulnerables.

#### Finalidade:

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa asociación BRIEGAL o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2028.

O obxecto do presente convenio é establecer as bases para a colaboración entre a Consellería de Presidencia, xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e a asociación BRIEGAL en canto ao apoio que este poida aportar á acción permanente dos órganos



e autoridades competentes en materia de Protección Civil para a prevención e intervención ante as emerxencias.

Da formalización do presente convenio non se derivan obrigas económicas para a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o citado instrumento convencional fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, de 26 de febreiro de 2014, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplícaránselle os principios recollidos no citado texto, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Emerxencias e Interior

Santiago Villanueva Álvarez

